

Diario Oficial de Galicia

mércores, 31 de outubro de 2001

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Número do Dog:	211
Páxina do Dog:	14.093
Data da Disposición:	15 de outubro de 2001
Sección:	III. OUTRAS DISPOSICIÓNS
Organismo:	CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO
Rango:	Resolución
Título:	Resolución do 15 de outubro de 2001 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de outubro de 2001 polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia da Coruña a Festa do Pemento de Herbón de Padrón.

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de outubro de 2001 adoptou, por proposta do conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, o seguinte acordo:

«Declarar festa de Galicia de interese turístico na provincia da Coruña a Festa do Pemento de Herbón de Padrón, de conformidade co establecido no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaracións de festas de Galicia de interese turístico».

En cumprimento do disposto no artigo 28 do devandito decreto ordénase a publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e a notificación ás persoas ou entidades organizadoras da festa e ó concello correspondente.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2001.

Jesús Pérez Varela

Conselleiro de Cultura, Comunicación Social
e Turismo